

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE MONTERREI PARA A LIMPEZA, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DO CONTORNO DO CASTELO DE MONTERREI**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente de Turismo de Galicia

**DECLARA:**

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Monterrei o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Monterrei para a limpeza, mantemento e conservación do Castelo de Monterrei, co fin de promover o turismo cultural, incentivar o coñecemento do patrimonio cultural e histórico galego e contribuír ao desenvolvemento económico da comarca.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, programa 761A.



O artigo 9 dos seus estatutos establece as funcións e competencias da Axencia para acadar os seus obxectivos, dispoñendo na súa alínea i) que lle corresponde “a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago”.

**Segundo.-** Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Así mesmo, os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.

**Terceiro.-** O obxectivo da actuación é a posta en valor do Castelo de Monterrei, o máis importante recurso patrimonial e cultural do Concello de Monterrei, de grande interese turístico. Atendendo a este obxectivo, preténdese realizar un mantemento periódico para o control da vexetación, a eliminación da maleza dos arredores da fortaleza, a recollida de lixo. Estas actuacións de mantemento, limpeza e roza estenderanse a elementos de interese situados no exterior do recinto amurallado como son a fonte e o contorno do forte da Atalaia.

A citada actuación contribuirá a mellorar a imaxe do Concello de Monterrei como destino cultural e artístico, o que incrementará de maneira directa o fluxo turístico e propiciará repercusións económicas favorables para a comarca e, polo tanto, para Galicia.

.



**Cuarto.-** O Concello de Monterrei por si só non conta cos recursos suficientes para facer fronte a estes traballos polo que as tres institucións, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Ourense e Concello de Monterrei, consideran necesario formalizar un convenio de colaboración para o desenvolvemento de tales actuacións, posto que se trata dunhas accións de interese común definidas para potenciar o turismo cultural non só na comarca de Monterrei senón tamén na nosa Comunidade Autónoma.

A Fortaleza é un dos recursos turísticos que constitúe un valor diferenciado non só do concello senón da nosa Comunidade Autónoma. Por este motivo, o Concello de Monterrei e a Axencia Turismo de Galicia consideran necesario formalizar un convenio de colaboración, posto que se trata dunhas accións de interese común definidas para potenciar o turismo cultural non só na comarca de Monterrei senón tamén na Comunidade Autónoma.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Monterrei unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.



E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela  
O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

